

**CENTRO DE ESTUDOS GALEGOS
DA UNIVERSIDADE DE ZADAR**

**MEMORIA DE ACTIVIDADES DO
2024**



**XUNTA
DE GALICIA**



Sveučilište u Zadru
Universitas Studiorum
Jadertina | 1396 | 2002 |

1. 1. Actividade docente

Igual que no ano académico 2023/24, no curso 2024/25 o lectorado de Zadar non conta con lector ó quedar sen candidatos, tal e como se expuxo na resolución definitiva da convocatoria pública de bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas para o 2024, anunciada a través da Orde do 13 de maio de 2024 (código de procedemento PL500E).

Ó non termos lector, non podemos ofrecer información da actividade docente debido a que non se imparten clases de galego na Universidade de Zadar.

2. Actividades de promoción e divulgación da lingua, literatura e cultura galega EN 2024

Malia non ter lector este ano e, polo tanto, tampouco estudantes de galego; neste curso manterémo-la presenza do galego nas actividades culturais e xornadas que se organizan na Universidade de Zadar.

Como novidade principal, este ano a actividade do CEG da Universidade de Zadar estendeuse ata a Universidade Masaryk de Brno na República checa grazas a un proxecto de colaboración entre o responsable do devandito CEG e o profesor de Brno Daniel Vázquez Touriño, coordinador CEEPUS da Red de Hispanistas de Europa Central.

Curso de lingua, literatura e cultura galega en Brno (febreiro e marzo de 2024)

Co obxectivo de amplía-la presenza da lingua e cultura galega non só en Zadar e en Croacia, senón tamén en territorios veciños, e froito da colaboración entre o CEG de Zadar e a Universidade Masaryk de Brno (República checa) a través da Red de Hispanistas de Europa Central, organizouse un curso sobre lingua literatura e cultura galega para os estudantes de dita universidade, en especial para os Filoloxía hispánica, durante febreiro e marzo cunha duración presencial de 16 horas e un valor de 2 créditos ECTS.

O curso é impartido polo responsable do CEG de Zadar, Alejandro Martínez Vicente, e os gastos da viaxe, aloxamento e manutención son cubertos grazas ó programa CEEPUS (Central European Exchange Program for University Studies), polo que esta actividade non supón ningún custe económico para o CEG de Zadar.

Dita actividade, foi un éxito de participación e prevese que teña continuidade nos cursos vindeiros e incluso ser ampliada e enfocada tamén para os estudantes de mestrado de Filoloxía portuguesa. A continuación amosamos información do syllabus (en inglés) onde se poden ve-los contidos que se impartiron e outros datos de interese.

O curso contou con 11 alumnos matriculados, 9 mulleres e 2 homes. Isto pode considerarse un número alto de participación tendo en conta o carácter da materia, o

número total de estudantes ós que ía dirixido principalmente e que parte do curso foi durante un período no que non hai clases na universidade.

SJ1B042 Introduction to Galician language and culture

Faculty of Arts - Spring 2024

Extent and Intensity - 2 credit(s). Type of Completion: z (credit).

Taught in person.

Teacher(s)

dr.sc. Alejandro Martínez Vicente (lecturer) amartinez@unizd.hr , doc. Mgr. Daniel Vázquez Touriño, Ph.D. (deputy)

Guaranteed by

doc. Mgr. Daniel Vázquez Touriño, Ph.D.

Contact Person: doc. Mgr. Daniel Vázquez Touriño, Ph.D.

Supplier department: Department of Romance Languages and Literatures – Faculty of Arts

Course Enrolment Limitations

The course is also offered to the students of the fields other than those the course is directly associated with.

Course objectives

The objective of this course is to provide students with elementary knowledge of Galician culture and civilization.

The Galician language will be characterized, as well as basic notions of this language will be taught. It is also intended to take a tour through the history of Galician literature, the external history of the Galician language, and the history of Galicia. In addition, the course will show the Galician cultural panorama and the main references and works in various artistic or cultural expressions (music, cinema, audiovisual content, architecture, gastronomy, etc.) without neglecting the folkloric manifestations, cultural traditions, and the current Galician socio-cultural situation.

Learning outcomes

The student will: - learn basic notions of what the Galician language is like. - know the Galician literary panorama from its beginnings to the present. - understand and acquire knowledge about the current socio-cultural situation of Galicia and Galician, as well as other related essential aspects (geography, history, folklore, etc.). - value and know the current cultural panorama and the Galician past through different arts (music, cinema, other audiovisual content, architecture, gastronomy, etc.) and its main references and works.

Syllabus

Introduction. Galicia and Galician. 1.1 Galician language. Basic notions. Galician alphabet. History of Galician and Galician. 2. Geography and culture of Galicia (gastronomy, festivals and traditions, sports, Galician socio-cultural situation, etc.). 3. Literature and other arts (plastic arts, dance, folkloric expressions). 4. Galician audiovisual (music, cinema, television, etc.).

Conferencia de Inmaculada Concepción Báez Montero (7 de maio de 2024)

A profesor da Universidade de Vigo veu dar unha conferencia co gallo das XVI xornadas das linguas e culturas ibéricas baixo o título de «A ensinanza de linguas estranxeiras a persoas con necesidades educativas especiais» na que tratou este tema da lingüística aplicada dende unha perspectiva galega.

Letras galegas 2023 (16-17 maio de 2024)

- Taller do Día das Letras galegas 2024 (16 de maio)

Taller cultural co obxectivo de presenta-lo Día das Letras galegas á comunidade universitaria de Zadar, tamén se ofrecerá un percorrido pola historia da literatura galega a través dunha exposición de contidos e de diversas actividades cos asistentes.

- Relatorio «Letras galegas 2024» (17 de maio)

Como vén sendo habitual nos últimos anos, haberá un relatorio para toda a comunidade universitaria, en especial para os estudantes de Hispanística, onde se dará a coñecer a vida e obra da autora homenaxeada que este ano é Luisa Villalta.

Ó non dispor de alumnado nin de lector, ambas actividades foron impartidas polo responsable do CEG, Alejandro Martínez Vicente.

Maratón poético (xuño de 2024)

O responsable do CEG participou no acto cultural *Millenium stih – poetski maraton „Riječi iznad svega“*. Este acto consiste en traducir, do croata a diversas linguas, poemas de autores invitados ou homenaxeados para logo ser recitados nun acto público e publicados nunha antoloxía que sairá á luz nos vindeiros meses. Os autores traducidos do croata ó galego foron Kornelija Kuvač Levačić e Ivica Ušljebrka.

Ciclo de cine galego (25 de maio de 2024)

O ciclo de cine ibérico que se fai cada ano na universidade contou cun día para o galego con dúas películas. Os filmes galegos para cada un dos dous países foron *O Bosque animado* e *A esmorga*.

Día europeo das linguas (26 de setembro de 2024)

Con motivo do Día europeo das linguas, o responsable do CEG organizou e impartiu unha charla exposición sobre a lingua galega para os estudantes novos do centro de linguas estranxeiras da Universidade de Zadar.

Xornadas informativas sobre Galicia para ERASMUS (28-29 de outubro de 2024)

O responsable do CEG, que ademais é coordinador ERASMUS, organizou unhas charlas informativas sobre cultura galega, o galego e o sistema universitario galego para aqueles estudantes interesados en ir de ERASMUS coa finalidade de incentiva-lo intercambio de estudantes croatas en Galicia. A actividade tivo moito éxito de participación e prevese que esta actividade teña continuidade nos cursos vindeiros.

2.1 Outras actividades relacionadas co CEG

Colaboración coa revista CROA

Colaborouse co Colexio Calasanz – PP. Escolapios da Coruña para facer unha entrevista para a súa revista escolar, CROA. Nela, o responsable do CEG deu a coñecer-lo CEG da Universidade de Zadar e a súa actividade ó longo da súa historia.

Proxectos de investigación: *Metafras e Refranero Multilingüe* (ano académico 2023/24)

Dende o 2021 o responsable do CEG colabora coa parte galega do proxecto *Refranco Multilingüe* dentro do Instituto Cervantes e baixo a coordinación de Julia Sevilla Muñoz. Dende o curso pasado, ademais, tamén colabora na parte galega e croata da *iniciativa Metafras* dentro do proxecto de *Fraseoloxía Galega* do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Presentación do libro *Colocacións co verbo soporte «dar» en galego e español mailos seus equivalentes en lingua croata* de Alejandro Martínez Vicente, gañador do I Premio Internacional de Estudos Galegos (26 de setembro de 2024)

A primeira tese doutoral feito en galego na Universidade de Zadar (e tamén nesta parte de Europa) gañou o I Premio Internacional de Estudos Galegos. O gañador é o responsable do CEG e participou na publicación do libro do traballo gañador. Nesta presentación falouse do lectorado galego en Croacia, das actividades que se levan a cabo e da promoción da lingua, literatura e cultura galegas en Croacia.